

Os Traballos Fin de Grao do Grao en Arquitectura Técnica, cunha nota de 8 ou superior, incorpóranse a texto completo ao Repositorio Dixital Institucional da Universidade da Coruña (RUC), se o seu autor autorizouno.

O obxectivo do RUC é difundir e preservar os traballos produto da actividade docente e investigadora da universidade.

Hai que ter en conta os dereitos de autor destes traballos.

Os autores dos documentos depositados no RUC manteñen os seus dereitos e concédennlle á UDC unha licenza non exclusiva de distribución. Por tanto, os autores poden seguir facendo uso dos seus traballos, publicalos... e aqueles que os consulten han de citalos.

Podemos localizar estes Fins de Grao desde o catálogo da biblioteca e acceder ao **texto completo** depositado no RUC a través dunha **ligazón** (picando en *Acceder a: Texto completo*).

Autor	Gómez Fernández, Iván
Título	Interacción de procesos BIM sobre una vivienda del movimiento moderno [Recurso electrónico] : la ville Savoye / alumno, Iván Gómez Fernández ; tutor, José A. Vázquez Rodríguez
Publicación	2013
	Acceder a: <b>Texto completo</b>
Colección	Traballos fin de grao (UDC. EUAT). Arquitectura Técnica ; 35
Nota	Curso 2012/2013
	Título tomado de la página del RUC
Teses	Trabajo fin de grado-Universidade da Coruña
Restr. Acceso	Acceso en línea sin restricciones
Materia	Universidade da Coruña. Escola Universitaria de Arquitectura Técnica -- Trabajos fin de grado Ville Savoye -- Trabajos fin de grado
Autor Secundario	Modelado de información de construcción -- Trabajos fin de grado Vázquez Rodríguez, José Antonio, dir.

Hai unha trintena de Traballos Fin de Grao que ingresaron na Biblioteca antes de que se decidise o depósito no RUC. Polo tanto, estes non constan no repositorio e non hai acceso a eles a texto completo, son de Consulta en Sala na Biblioteca, como seguen sendo os Traballos Fin de Carreira.

Os Traballos Fin de Mestrado, con 8 ou unha nota superior, tamén ingresan a texto completo no RUC. Pero tamén hai uns poucos de Consulta en Sala na Biblioteca que son anteriores a esta normativa.

## 1-COMO BUSCAR TODOS OS TFG do noso Grao

Desde o catálogo:

Para recuperar tamén os Traballos de Fin de Grao que están depositados no RUC, **xa non podemos delimitar a localización *Arquitectura Técnica***.

A forma máis sinxela de buscalos é:

Palabra Clave: **euat grao**  
 Buscar en seleccionar: **Traballo fin de carreira-grao**

Tamén poderíamos buscalos pola colección:

Colección: **traballos fin de grao udc euat**

Hai que ter en conta que unha vez teñamos o rexistro de calquera Fin de Grao, picando no hipertexto do campo *Colección* accedemos ao resto de traballos desa serie. E despois podemos limitar a busca.

Desde o RUC: <http://ruc.udc.es/dspace/>

Accedemos ao RUC desde a web da biblioteca:

Eliximos a Comunidade **Traballos académicos**.

E despois **Traballos fin de grao**.

E na listaxe seleccionamos **Arquitectura técnica, Grao en**.

Coleccións nesta comunidade  
 ADE, Grao en [145]  
 Arquitecto técnico en execución de obras, Titulado en [2]  
 Arquitectura, Grao en [15]  
 Arquitectura naval, Grao en [18]  
**Arquitectura técnica, Grao en [147]**

Podemos listar por título, materias, autor ou datas, ou realizar unha busca por palabra clave en *Busca nesta colección*.

**Arquitectura técnica, Grao en**

Listar por

Por data de publicación Autores Títulos Materias

Busca nesta colección:

binj

Envíos recientes


Reforma de edificio para restaurante en A Coruña  
 Chouza Barcala, Alba (2016)  
 [Resumen] En el presente Trabajo Fin de Grado se realiza la reforma de un edificio "Casa fuente de San Andrés" para uso restaurante. El objetivo de este proyecto es la creación de un espacio destinado a restaurante, buscando ...

Proyecto básico y de ejecución de adecuación de local comercial para restaurante en la esquina de las calles San Andrés y Carmelana, A Coruña  
 Insua Pérez, Mario (2016)

Para procuras máis concretas é mellor usar o catálogo da biblioteca, que busca mellor.

Cando vemos un traballo que queremos consultar, picamos no seu título para acceder á súa descrición e na marxe esquerda temos os pdfs.

**Análisis de conflictos en modelos BIM (Clash detection)**



**Título**  
 Análisis de conflictos en modelos BIM (Clash detection)

**Autor(es)**  
 Araujo Morales, Borja

**Director(es)**  
 Porta Rodríguez, Manuel

**Data**  
 2015

**Centro/Dpto/Entidade**  
 Universidade da Coruña, Escola Universitaria de Arquitectura Técnica

**Resumo**  
 [Resumen] Análisis de conflictos estáticos Mi trabajo fin de grado tiene como objetivo el estudio de uno de los procesos mas importantes dentro de la gestión de un proyecto BIM. Este procedimiento se está aplicando en la mayoría de las grandes obras a nivel internacional y gracias a él se están obteniendo cotas muy altas en cuanto a eficiencia y calidad a la hora de la ejecución. En definitiva, voy a explicar paso a paso como se debe realizar correctamente este proceso que creo que será obligatorio en nuestro país en un futuro no muy lejano.

**Ver/abrir**  
 Araujo-Morales\_Borja\_TFG\_2015.pdf (3.909Mb)

**Use este enlace para citar**  
<http://hdl.handle.net/2183/15286>

**Coleccións**  
 • Arquitectura técnica, Grao en [104]

**Metadatos**  
 Mostrar o rexistro completo do ítem

## 2-PROCURAS MÁIS CONCRETAS DESDE O CATÁLOGO: por autor, temática...

Desde a **Busca avanzada** do catálogo.

- No despregable superior *Buscar en* temos que escoller **Traballo fin de carreira-grao**.
- Usamos os despregables para buscar en campos concretos (autor, título, materia) ou en calquera campo (poden usarse máscaras, como o asterisco \* para que busque todas as terminacións do vocábulo).
- E combinámoslos cos operadores (**e, e non, ou, perto, antes, despois**).
- Podemos engadir os límites que nos interesen (rango de anos,...)

No noso caso incluímos na busca en *Calquera campo* as palabras clave **euat grao**.

**Búsqueda avanzada**

Buscar en: Trabajo fin de carrera-grado

Indique los términos de búsqueda

Cualquier campo	euat grao	Y
Cualquier campo	acustic*	Y
AUTOR:	segade zas maria luisa	Y
Cualquier campo		

Limitar la búsqueda a ejemplares disponibles

Enviar Borrar formulario

Se nos interesan traballos doutros graos que poidan tratar a mesma temática non teriamos que incluír *euat grao* como palabras clave.

Tamén poden interesarnos Fins de Carreira ou de Mestrado.

## PROCURA DE TRABALLOS FIN DE GRAO CON ACCESO AO TEXTO COMPLETO

Setembro 2019



Foto: Héctor Santos-Díez



UNIVERSIDADE DA CORUÑA  
 Biblioteca da Escola Universitaria de  
 Arquitectura Técnica